

ACTA NÚMERO: 14/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 12 DE ABRIL DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 12 de abril de 2022 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Juan Gabriel Fernández García de la Roca, Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torró Casl, Técnico Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 7 de abril de 2022 (Reunión 13/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega, para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao Programa Musigal 2022. (Expte.- 2022013677).*
3. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración, limpeza de cociña e comedor do programa "Depoaventura 2022". (Expte.- 2022003743).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto para a contratación do servizo de restauración, limpeza de cociña e comedor do programa "Depoaventura 2022". (Expte.- 2022003743).*
6. *Aprobación das valoracións dos sobres "A" correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de instalacións de biomasa sostibles I: instalacións para uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE numero FEDER EELL-2020-004535 que conta co cofinanciamento do 80% do FEDER a través do IDAE no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Expte.- 2021066722).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de instalacións de biomasa sostibles I: instalacións para uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE numero FEDER EELL-2020-004535 que conta co cofinanciamento do 80% do FEDER a través do IDAE no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Expte.- 2021066722).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo



Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP., e D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 7 de abril de 2022 (Reunión 13/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente o día, 7 de abril de 2022 (Reunión 13/2022).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa, Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega, para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao Programa Musigal 2022. (Expte.- 2022013677).

Por Resolución Presidencial número 2022002585 de data 05/04/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao Programa “Musigal 2022”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega (F15983067) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 06/04/2022.

A empresa Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega (F15983067) presentou a proposición con data 07/04/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	22.500,00 €
IVE (21 %)	4.725,00 €
Importe ofertado con IVE	27.225,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega (F15983067) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao Programa “Musigal 2022”.

3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).

O Presidente en base á petición de poder efectuar un mellor estudo sobre a valoración das ofertas con criterios automáticos presentadas polas empresas interesadas na adxudicación deste contrato decide retirar o asunto da orde do día.

4. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración, limpeza de cociña e comedor do programa “Depoaventura 2022”. (Expte.- 2022003743).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 25 de marzo de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25/03/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Jardanay SL (CIF B-15.754.682)
- Os Ventos Innovación en servizos SL (CIF B-70.493.275)

5. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto para a contratación do servizo de restauración, limpeza de cociña e comedor do programa “Depoaventura 2022”. (Expte.- 2022003743).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 25 de marzo de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25/03/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente as ofertas das empresas admitidas con criterios avaliables mediante xuízos de valor.



Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentaron as empresa admitidas, os técnicos do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

6. Aprobación das valoracións dos sobres “A” correspondentes aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de instalacións de biomasa sostíbles I: instalacións para uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE numero FEDER EELL-2020-004535 que conta co cofinanciamento do 80% do FEDER a través do IDAE no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostíble 2014-2020. (Expte.- 2021066722).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2022001804, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de instalacións de biomasa sostíbles I: instalacións para o uso térmico da biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE num FEDER_EELL-2020-004535 que conta con financiamento do 80% do FEDER a traves do IDAE no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostíble 2014-2020.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 14-03-2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento

O Secretario informa que con data 31/03/2022 a Mesa de Contratación procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliábles mediante criterios que precisaban un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir á única empresa presentada, Teswater global SLU (CIF B-27778703).

Así mesmo a Mesa de Contratación na reunión do día 31 de marzo de 2022 tamén acordou dar traslado da proposta correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Cooperación para que avaliasen e ponderasen as ofertas.



O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Don Eugenio José Marcote Carballo emitiu informe de valoración con data 6 de abril de 2022 e CSV (ASYE00HOI9S28Z7R) sendo as puntuacións obtidas polas empresas as seguintes:

Empresa	Calidade técnica da memoria explicativa (Máx.15 puntos)	Metodoloxía toma de datos (Máx.10 puntos)	Metodoloxía de comprobación de resultados (Máx. 10 puntos)	Puntuación total (Máx.35 puntos)
TESWATER GLOBAL,S.L.U	9	7	7	23

A Mesa de Contratación en base ao informe do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Don Eugenio José Marcote Carballo, de data 6 de abril de 2022 acorda prestar conformidade á puntuación obtida pola empresa Teswater Global SLU (CIF B-27778703) na valoración do sobre “A” correspondente a documentación técnica available con criterios de xuízos de valor.

7. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes a documentación available mediante criterios automáticos do do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de instalacións de biomasa sostibles I: instalacións para uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE numero FEDER EELL-2020-004535 que conta co cofinanciamento do 80% do FEDER a través do IDAE no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Expte.-2021066722).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada pola empresa Teswater Global SLU (CIF B-27778703) ao ser a única empresa presentada e admitida ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de instalacións de biomasa sostibles I: instalacións para o uso térmico da biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE num FEDER_EELL-2020-004535 que conta con financiamento do 80% do FEDER a traves do IDAE no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 sendo esta a seguinte:

Empresa	Calidade técnica da memoria explicativa (Máx.15 puntos)	Metodoloxía toma de datos (Máx.10 puntos)	Metodoloxía de comprobación de resultados (Máx. 10 puntos)	Puntuación total (Máx.35 puntos)
TESWATER GLOBAL,S.L.U	9	7	7	23



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "B" correspondente os criterios de valoración automática presentada pola empresa Teswater Global SLU (CIF B-27778703) ao acadar dita empresa unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados pola empresa Teswater Global SLU (CIF B-27778703) foron os seguintes:

Empresa: Teswater Global SLU (CIF B-27778703)

1.-Prezos ofertados

Descrición do proxecto	Importe máximo (sen iva)	Prezo ofertado (sen iva)	IVE (21%)	Prezo ofertado (IVE incluído)
Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo na pista atletismo (Concello de Cangas).	1.472,00 €	1.470,00 €	308,70 €	1.778,70 €
Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en pavillón municipal.(Concello de Cangas).	3.017,86 €	3.015,00 €	633,15 €	3.648,15 €
Substitución de bomba de calor e radiadores eléctricos por estufas de pellets en edificios municipais (centro cultural de Cebreiro, centro cultural de Couto, tanatorio de Couto, consultorio médico Valeixe, biblioteca Valeixe, casa da ermandade Valeixe, tanatorio de Luneda, tanatorio de Valeixe, centro cultural de Luneda, tanatorio de Petán, tanatorio de Deva, antigo colexio de Ou Feirón, antigo colexio de Petán, casa cultura cafetería e centro cultural Pateiro (Concello de A Cañiza).	3.000,00 €	2.999,00 €	629,79 €	3.628,79 €
Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en albergue.(Concello de Portas).	1.651,71 €	1.650,00 €	346,50 €	1.996,50 €
Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en campo de fútbol.(Concello de Portas).	1.645,01 €	1.645,00 €	345,45 €	1.990,45 €
Substitución de acumuladores eléctricos por caldeira de biomasa, depósito de inercia e	1.642,97 €	1.640,00 €	344,40 €	1.984,40 €



execución de silo en pavillón municipal.(Concello de Portas				
Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en pavillón municipal. (Concello de Redondela)	3.016,30 €	3.015,00 €	633,15 €	3.648,15 €
Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en casa de cultura (Concello de Redondela)	1.480,00	1.480,00 €	310,80 €	1.790,80 €
Substitución de caldeira de gas por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en edificio de benestar social e policía.(Concello de Tomiño).	1.480,00 €	1.480,00 €	310,80 €	1.790,80 €
Substitución de caldeira de gasóleo por caldeira de biomasa, depósito de inercia e execución de silo en casa de concello.(Concello de Vilaboa	1.652,22 €	1.650,00 €	346,50 €	1.996,50 €
TOTAL	20.058,07 €	20.044,00 €	4.209,24 €	24.253,24 €

2.- Experiencia do técnico redactor proposto en elaboración de proxectos de instalacións para uso térmico de biomasa a maiores da experiencia mínima esixida.

Criterio	Nº proxectos ofertados (a maiores do mínimo)
Número de proxectos de instalacións para uso térmico de biomasa redactados polo técnico redactor proposto a maiores do mínimo esixido (o número mínimo é de un proxecto)	6

3.- Experiencia do técnico director da obra en traballos de dirección de obras de execución de instalacións para o uso térmico da biomasa a maiores dos traballos mínimos esixidos.

Criterio	Nº proxectos ofertados (a maiores do mínimo)
Número de proxectos de dirección de obras de instalacións para uso térmico de biomasa dirixidos polo técnico redactor proposto , a maiores do mínimo esixido (o número mínimo esixido é de un proxecto).	6

A continuación procedese á valoración dos criterios avaliados automaticamente sendo as puntuacións obtidas pola empresa Teswater Global SLU (CIF B-27778703) as seguintes:

Criterios avaliados automaticamente	Puntuación Teswater Global SLU
1.- Prezo ofertado	0,123
2.- Número de proxectos de instalacións para uso térmico de biomasa redactados polo técnico redactor proposto a maiores do mínimo esixido	8,330



3.- Número de proxectos de dirección de obras de instalacións para uso térmico de biomasa dirixidos polo técnico redactor proposto , a maiores do mínimo esixido	8,330
Puntuacion total sobre B (criterios automáticos)	16,783

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas o procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de instalacións de biomasa sostibles I: instalacións para o uso térmico da biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE num FEDER_EELL-2020-004535 que conta con financiamento do 80% do FEDER a través do IDAE no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuacion Sobre A (xuízos de valor)	Puntuación sobre B (Criterios automáticos)	Puntuación total
1ª	Teswater Global SLU	23,00	16,783	39,783

2. Propor ao órgano de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de instalacións de biomasa sostibles I: instalacións para o uso térmico da biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE num FEDER_EELL-2020-004535 que conta con financiamento do 80% do FEDER a través do IDAE no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 á empresa Teswater global SLU (CIF B-27778703) polos prezos e valores ofertados indicados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Teswater global SLU (CIF B-27778703) proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia , que o firmante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e asimesmo que a empresa non está incurso en ningunha prohibición de contratar e que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Teswater global SLU (CIF B-27778703) , mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contados desde o seu envío, aporte a restante documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a contitución dunha garantía definitiva por importe de 1.002,20 euros

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trinta e oito minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

